

CONVOCATORIA DE PUBLICACIÓN
de
MONOGRAFÍAS e MANUAIS
do ano 2011

O Servizo de Publicacións abre a convocatoria de publicación de monografías e manuais do ano 2011.

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as teses de doutoramento e as memorias de oposición e os traballos que partan delas. Tampouco se publicarán teses de licenciatura nin traballos ou proxectos de fin de carreira.

Co obxecto de mellorar o servizo, de sacar o mellor proveito dos recursos e de poder contar con maior información para aprobar os libros que se van publicar, a Comisión solicita a presentación do libro completo.

A serie de manuais e material docente publicarase en galego, o Servizo facilitará a tradución dos orixinais que se presenten noutra lingua. Os manuais destinados ó ensino de calquera lingua, poderán publicarse nela.

Os interesados deben presentar dúas copias do cuestionario-solicitud correspondente, neste Servizo ou nos rexistros da reitoría ou dos campus de Pontevedra e Ourense. O prazo remata o día **13 de xaneiro de 2012**.

A Comisión de Publicacións, á vista das solicitudes presentadas e atendendo ó orzamento asignado a este Servizo, decidirá o número de obras que se poden publicar este ano. Os acordos tomados por esta comisión comunicaránelles ós interesados. Os autores das obras que teñan a aprobación previa da comisión deberán remitir o orixinal definitivo, para, no caso das monografías, enviárllelo a dous expertos alleos á Universidade de Vigo para que as avalíen; no caso dos manuais, bastará co informe dun só experto na materia. Se os informes dos expertos son favorables (os dous no caso das monografías), e tendo en conta o regulamento, a comisión dará a aprobación definitiva ós traballos que se van editar.

Vigo, 9 de novembro de 2011

<p>SERVIZO DE PUBLICACIÓNS CUESTIONARIO-SOLICITUDE DE PUBLICACIÓN DE MONOGRAFÍAS</p>

1. Número de entrada (para cubrir polo servizo).
2. Solicitante.
3. Área.
4. Departamento.
5. Centro.
6. Título da tese de doutoramento do solicitante, lugar e data de lectura.
7. Teléfono, correl do solicitante.
8. Título do libro.
9. Autor ou autores, categoría académica, afiliación (universidade, centro, departamento, etc.) e enderezo particular.
10. Un exemplar encadernado do traballo coas páxinas numeradas.
11. Descrición detallada dos posibles grupos adquirentes do libro, diferenciando entre compradores da Universidade e alleos a ela.
12. Complexidade de edición do libro (se é só texto, se ten gráficas, fotografías, se é para editar en varias cores, etc.).
13. Relación dos traballos xa publicados polo(s) autor(es) dando referencia das editoriais, número de exemplares vendidos e calquera outra información que considere de interese. Pódense citar artigos publicados en revistas de prestixio.
14. Nome, breve currículo e enderezo electrónico e postal completo de ó menos dez expertos alleos á nosa universidade que poidan emitir un ditame sobre o libro.
15. Lista doutros autores que teñan publicado traballos sobre o mesmo tema ou similar, con referencia das publicacións.
16. Escrito de menos de 300 palabras en que se resalte a calidade do libro e o interese para os autores e os posibles adquirentes.

Data

Sinatura do solicitante.

<p>SERVIZO DE PUBLICACIÓNS</p> <p>CUESTIONARIO-SOLICITUDE DE PUBLICACIÓN DE MANUAIS</p>

- 1 Número de entrada (para cubrir polo servizo).
- 2 Solicitante.
- 3 Área.
- 4 Departamento.
- 5 Centro.
- 6 Teléfono, correl do solicitante.
- 7 Título do libro.
- 8 Autor(es), categoría, afiliación (universidade, centro, departamento, etc.) e enderezo particular.
- 9 Un exemplar encadernado do traballo coas páxinas numeradas.
- 10 Indicación clara dos cursos e número de alumnos ós que está destinado o manual.
- 11 Complexidade de edición do libro (se é só texto, se ten gráficas, fotografías, se é para editar en varias cores, etc.).
- 12 Currículo do(s) autor(es) no relativo a traballos xa publicados dando referencia das editoriais, número de exemplares vendidos e calquera outra información que considere de interese.
- 13 Nome e breve currículo de polo menos cinco expertos que poidan emitir un ditame sobre o libro, enderezo electrónico e postal completo.
- 14 Resumo de non máis de 300 palabras en que se resalte a calidade do manual e o interese para os autores e os posibles adquirentes.

Data

Sinatura do solicitante.

CONVOCATORIA DE PUBLICACIÓN DE ACTAS de CONGRESOS e SEMINARIOS

O Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo responsabilizarase da edición dos libros de actas de congresos e seminarios celebrados durante o ano 2011.

O Comité Organizador do congreso deberá correr con tódolos gastos de edición.

O servizo esixe a entrega de 70 exemplares que se destinarán ó intercambio coas Universidades que teñen establecido convenio coa de Vigo, e asumirá os custos da distribución dese intercambio.

O servizo poñerá na cuberta e na contracuberta dos libros de actas, en lugar visible e destacado, o logotipo da Universidade de Vigo-Servizo de Publicacións e poderá autorizar que na contraportada do libro figuren os logotipos das entidades externas que financien a reunión.

En todo caso, na cuberta deberán constar claramente o lugar e a data de celebración do congreso.

Os organizadores dos congresos deberán entregar neste servizo unha copia en papel e outra en cd-rom os orixinais dos traballos convenientemente preparados para a súa rápida edición, comprometeranse ó apoio de corrección das probas posteriores á maquetación e deseño e responsabilizaranse do seu contido científico. Deberán, ademais, presentar as directrices da publicación: a) contido; b) presentación; c) normas técnicas para a publicación facilitadas ós autores; d) sistema de maquetación e deseño. No caso de non dispoñeren destas directrices, poden seguir as normas técnicas do Servizo de Publicacións.

A convocatoria permanecerá aberta todo o ano.